

administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como as dictadas en desenvolvemento dela, en canto non se opoñan á presente lei.

2. En todo caso, cando as citadas normas establecesen un prazo máximo de duración do procedemento superior ós seis meses, entenderase que o prazo máximo para resolver e notificar a resolución será precisamente de seis meses, coas excepcións previstas no punto segundo do artigo 42.

3. Así mesmo, e ata se levaren a efecto as previsións do punto 2 da disposición adicional primeira, conservará validez o sentido do silencio administrativo establecido nas citadas normas, se ben a súa forma de produción e os efectos serán os previstos na presente lei.

Disposición transitoria segunda. *Aplicación da lei ós procedementos en tramitación.*

Ós procedementos iniciados antes da entrada en vigor da presente lei non lles será de aplicación, e rexeranse pola normativa anterior.

Non obstante, si resultará de aplicación a tales procedementos o sistema de revisión de oficio e de recursos administrativos regulados na presente lei.

Disposición derogatoria única.

1. Quedan derogados a Lei do 5 de abril de 1904 e o Real decreto do 23 de setembro de 1904, relativos á responsabilidade civil dos funcionarios públicos.

2. Así mesmo, quedan derogadas tódalas normas de igual ou inferior rango no que contradigan ou se opoñan á presente lei.

Disposición derradeira única. *Desenvolvemento e entrada en vigor da lei.*

1. O Goberno e as comunidades autónomas, no ámbito das súas respectivas competencias, dictarán as disposicións de desenvolvemento e aplicación da presente lei que resulten necesarias.

2. A presente lei entrará en vigor ós tres meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 13 de xaneiro de 1999.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

(Esta lei inclúese tendo en conta as correccións de erros publicadas no «Boletín Oficial del Estado» número 16, do 19 de xaneiro de 1999; e número 30, do 4 de febreiro de 1999.)

2332 REAL DECRETO-LEI 2/1999, do 29 de xaneiro, polo que se modifica a Lei 23/1992, do 30 de xullo, de seguridade privada. («BOE» 26, do 30-1-1999.)

A Lei 23/1992, do 30 de xullo, de seguridade privada, regula a prestación por persoas privadas, físicas ou xurídicas, de servizos de vixilancia e seguridade de persoas ou de bens, que terán a consideración de actividades complementarias e subordinadas respecto ás de seguridade pública.

Para a prestación destes servizos, deben cumprirse unha serie de requisitos, entre os que destacan a necesi-

dade de que a empresa e o persoal sexan de nacionalidade española e de que os seus administradores e directores teñan residencia en España, requisitos estes establecidos nos artigos 7, 8 e 10 da mencionada Lei 23/1992, ó considerar que, dada a natureza das funcións que se van desenvolver (exercicio de poder público), razóns de orde pública requirían o establecemento dunha serie de controis rigorosos.

O Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas, recentemente, en sentenza do 29 de outubro de 1998, analizou a compatibilidade da regulación establecida na dita lei co dereito comunitario e considerou que a excepción de orde pública non ampara neste suposto a exclusión das liberdades de circulación de traballadores, de establecemento e de prestación de servizos dentro da Comunidade, previstas nos artigos 48, 52 e 59 do seu Tratado constitutivo.

Como resultado do pronunciamento, dado que a execución deste tipo de sentencias non a leva a cabo o propio Tribunal, senón que implica unha actuación positiva por parte do Estado membro en cuestión, é este quen, en virtude do artigo 171 do Tratado da Comunidade Europea, está obrigado a adoptar as medidas necesarias para a execución da sentenza aludida nos seus propios termos.

En seguimento, pois, da doutrina do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas acerca do modo en que debe darse correcto cumprimento ás súas sentencias, a posible incompatibilidade entre unha norma nacional e unha norma comunitaria, incluso de efecto directo, debe ser eliminada definitivamente mediante disposicións internas de carácter obrigatorio que teñan o mesmo valor xurídico cás que deban ser modificadas.

Por todo isto, os artigos da Lei 23/1992, afectados pola sentenza en cuestión, deben ser reformados por unha norma con forza de lei, cumpríndose neste caso a condición establecida no artigo 86 da Constitución, referente á existencia dunha situación de extrema e urxente necesidade, para que poida utilizarse para tal fin o instrumento do real decreto-lei.

Son varias as razóns que motivan esta necesidade. A primeira é a existencia dun presuposto habilitante, ó que se refire a xurisprudencia do Tribunal Constitucional, no que a necesidade orixe da norma teña que ser de tal natureza que non poida ser atendida pola vía do procedemento lexislativo de urxencia, debido á esixencia da súa inmediatez. Neste caso, atopámonos ante unha necesidade imprevista, provocada pola decisión do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas, e que puxo de manifesto a inadecuación dunha lei española coas disposicións do Tratado da Comunidade Europea. Esta sentenza supón en si mesma o nacemento dunha obriga de cumprimento que non pode dilatarse no tempo e que debe concluírse no prazo máis breve posible.

Por iso, cómpre unha execución inmediata; por un lado, pola obriga antes aludida, e, por outro, para impedir que xurdan situacións de feito ambiguas, que lesionen a libre concorrència no sector; sector que, non debe esquecerse, está en plena expansión e no que cada vez é maior o número de empresas e persoal afectados.

Doutra parte, deben terse en conta as convocatorias de selección de persoal de seguridade privada xa en curso, nas cales cómpre dar cabida á participación dos nacionais de calquera estado membro da Unión Europea. A demora no cumprimento da sentenza do Tribunal de Xustiza faría quebra-la efectividade da medida, o que podería producir unha situación de inseguridade xurídica.

Para alcanzar esta finalidade, elimináronse do texto da lei as referencias á necesidade de posuí-la nacionalidade española respecto ás empresas e ó persoal de seguridade privada, e de residir en territorio español res-

pecto ós administradores e directores das ditas empresas. Procédese así a modifica-la lei no sentido requirido polo dereito comunitario, mediante unha disposición interna de carácter obrigatorio, o real decreto-lei, co mesmo valor xurídico có da modificada.

Na súa virtude, en uso da autorización concedida polo artigo 86 da Constitución, por proposta do ministro do Interior e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de xaneiro de 1999,

DISPÕÑO:

Artigo único. *Modificación parcial dos artigos 7, 8 e 10 da Lei 23/1992, do 30 de xullo, de seguridade privada.*

1. Modifícase a redacción da letra b) do punto 1 do artigo 7, que queda como segue:

«b) En todo caso, as empresas de seguridade que presten servizos con persoal de seguridade deberán te-la nacionalidade dun estado membro da Unión Europea ou dun estado parte no Acordo sobre o Espacio Económico Europeo.»

2. Modifícase a redacción da letra a) do artigo 8, que queda como segue:

«a) Ser persoas físicas residentes no territorio dalgún dos estados membros da Unión Europea ou dun estado parte no Acordo sobre o Espacio Económico Europeo.»

3. Modifícase a redacción da letra a) do punto 3 do artigo 10, que queda como segue:

«a) Te-la nacionalidade dalgún dos estados membros da Unión Europea ou dun estado parte no Acordo sobre o Espacio Económico Europeo, aptitude física e capacidade psíquica necesarias para o exercicio das funcións.»

Disposición derogatoria única. *Eficacia derogatoria.*

1. Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan, contradigan ou resulten incompatibles co disposto no presente real decreto-lei.

2. Tódalas normas e disposicións de desenvolvemento da Lei 23/1992 entenderanse modificadas conforme o disposto no presente real decreto-lei.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto-lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 29 de xaneiro de 1999.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

2635 *CORRECCIÓN de erros da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos. («BOE» 29, do 3-2-1999.)*

Advertidos erros no texto da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, publicado no «Boletín Oficial del Estado» suplemento número 5 en lingua galega, do mércores, 28 de outubro de 1998, procédese a efectua-las oportunas modificacións:

Na páxina 324, primeira columna, disposición adicional décimo primeira, punto segundo.3, derradeiro parágrafo, novena liña, onde di: «... que estean representadas...», debe dicir: «... que non estean representadas...».

Na páxina 327, segunda columna, disposición transitoria novena, sexta liña, onde di: «...nun prazo superior a dous anos...», debe dicir: «...nun prazo non superior a dous anos...».